

VIERNES, 16 de marzo de 2007

REPORTAJE: LUCES

Lupe Gómez, a provocación libertaria

A poeta de Fisteus desenvolve desde 1995 unha obra contundente e prolífica que ata desatou controversias políticas

FRAN ALONSO | 16 MAR 2007

Archivado en: [Poesía](#) [Literatura](#) [Cultura](#)

Ten cara de non ser quen de matar unha mosca. De feito, Lupe Gómez é unha das persoas máis tímidas que coñezo. A propia risa delata a súa timidez. Non obstante, esta poeta encarna o espírito da provocación. Pretendidamente ou non, encárnao. A poeta provocadora.

A provocación sae dos versos que a súa man traza con afecto. Até tal punto que cando o PP gobernaba a Xunta de Galicia censurou e excluíu un dos seus libros das axudas á edición por consideralo escandaloso. O libro titulábase Os teus dedos na miña braga con regra e o equipo de Fraga Iribarne non puido soportalo.

A ela sorpréndelle que a asocien coa provocación, porque a súa intención nunca foi a de provocar. Desde logo, a súa timidez dálle unha boa coartada ante calquera tipo de actitude provocativa. Ou se cadra non. Con todo, é autora de títulos tan desafiantes como Levantar as tetas. Para ela, ese libro é unha mostra do seu orgullo de ser Lupe, "unha nena enferma que fai poemas mínimos, limpos, vivos". En certa ocasión, durante un recital nun centro de ensino de Bertamiráns, unha profesora ergueuse e abandonou a sala ofendida. "Acusoume de apoiar a violencia", di, cando o que eu pretendía era enfrontarme a esa realidade, evidenciándoa e focalizándoa desde a arte para posicionarme en contra". Nunha das súas autopoéticas defínese así: "Chámome Lupe e non teño historia. Nunca me amaron. Nunca ameí. O mundo está dormido. Hai que levar a poesía e as tetas. Hai que adornar o pelo".

"Chámome Lupe e non teño historia. Nunca me amaron. Nunca ameí"

Cartéase con John Berger, con quen comparte a inquedanza polo mundo rural

O primeiro poemario de Lupe Gómez titulábase Pornografía. Publicouno no ano 1995 e na súa casa, na aldea de Fisteus, concello de Curtis, sentíanse avergoñados de que a rapariga escribise un libro así. Agacharon todos os exemplares do libro e non lle falon a ninguén do asunto. Daquela Lupe debeu sufrir moito, pois resulta doado descubrir que é unha persoa modelada coa materia do amor, da naturalidade e da espontaneidade. Lévaos escritos nos coloretos das meixelas, que a asemellan a Heidi, aquel personaxe dos debuxos animados da súa infancia. Ten 35 anos e un irrefutable aspecto de non ser quen de matar unha mosca. Cando participa nun recital poético, o seu carácter toma posicións. Gústalle moito, pero afirma que sofre demasiado porque entrega todo o que leva dentro. Cada unha das súas palabras definen a unha persoa dunha enorme sensibilidade.

E, a pesar de todo, afirma que non lle molesta que os seus libros provoquen, porque está convencida de que iso é o que debe facer a arte: provocar, mancar e desgustar. Mesmo aínda que lle trouxese problemas coa súa propia familia. Pero a reconciliación co seu ámbito íntimo, que é Fisteus, a aldea onde naceu, chegou coa publicación do libro Fisteus era un mundo. A medio camiño entre o confesional e as memorias da nenez, este libro engaiola coa súa prosa núa e franca, esgazadoramente sincera, no que a poeta deixa as súas entrañas en cada

palabra. "Escribilo foi moi duro -asegura-, tiven que me enfrontar a cousas moi dolorosas". Evidentemente, tivo que ser difícil para ela, unha nena de aldea que ía coas vacas a diario, e que cando logo foi escolarizada na Coruña sentiu como a rexeitaban por falar galego; debeu ser moi duro ter que se enfrontar aos seus fantasmas do pasado. "Eu tiña trece anos cando marchei a estudar á Coruña. Na Coruña sentínme mal. Estaba nun ambiente hostil para min. Eu sentía que me roubaban. Roubábanme, agora seino, o orgullo. Eu, que falara galego toda a vida, paseime ao castelán. Son tímida pero na Coruña fíxenme hipertímida". En cambio, susurra Lupe, a publicación de Fisteus era un mundo tivo a contrapartida de que "foi emocionante ver como en Fisteus a xente se identificaba co libro, como o meu libro se converteu alí no referente dunha experiencia colectiva".

Pero para Lupe Gómez, a poesía é a súa principal ocupación. "Incluso cando escribo como xornalista son tamén un pouco poeta", asegura. "A poesía faime botar fóra os medos e os complexos". E aclara de novo: "Son moi tímida". Non é necesario que o diga. Se cadra por iso, o momento da escrita é para ela un momento de absoluta liberdade, con poder catártico, durante o que é capaz de botar fóra moitas cousas e chorar. "Sangro, sangro / sangro, tanto coma un home, / ou máis", di ironicamente o seu poema "Hemorraxia interna". Logo sorrí. "Escribir é unha forma de saír da timidez", pros2gue mentres fala moi lentamente, coma se non quixese que o tempo leve as palabras canda si. A Lupe case hai que extraerllas coma as moas, porque fala moi pouco, só o preciso. E é que o valor das palabras é moi importante para esta poeta que se identifica coa imaxe das vacas, porque nelas, nos seus ollos acuosos, sente a paz, o acougo e a tranquilidade e porque eses animais cos que tanto conviviu na súa infancia lle transmiten a integridade e a bondade da única parte do mundo da que non desexa fuxir. Por se fose pouco, está convencida de que se asemella moito á Heidi. E reivindica a figura daquela nena coa que choraba até sentir as montañas dentro das súas propias entrañas.

En Santiago de Compostela, a cidade onde vive e traballa actualmente, Lupe atopou unha urbe máis á medida dos seus desexos: "Vinme aquí a vivir e facer xornalismo; nesta cidade abrinme aos soños. Nesta cidade empecei a vivir. Aquí o meu mundo medrou moito". E, desde as vísceras intensamente humanas desa cidade de pedra, Lupe continúa a escribir a súa "poesía fea", tal e como reza o título doutro dos seus libros. Partindo sempre dese espírito de provocación libertaria que a empuxa. E, cos versos que o corazón lle dicta, vai construíndo unha poética de liña clara, vital, transgresora e sincera. Con frases curtas. Coas palabras xustas. Coas letras ensanguentadas.

Agora, Lupe Gómez cartéase con John Berger porque comparte con el a inqueda por ese mundo rural en vías de extinción, e envíalle libros e discos galegos e que el recibe agradecido. E ademais, declara, con toda a humildade do mundo, que chegou o momento de ser máis esixente consigo mesma, e que se está replantexando o seu labor creativo. Pero que a escrita é, en definitiva, a súa propia vida.

Mentres tanto, desenvolve o seu traballo como xornalista e busca a creatividade no cine, no teatro, na danza e na pintura ao tempo que acude a clases de ioga. E é que a primeira provocación de Lupe Gómez é consigo mesma.